

## 1. Introducción

Este documento ten por obxecto explicar, a todos aqueles interesados, o funcionamento da **escola municipal de atletismo** coordinada pola **Sociedad Gimnástica de Pontevedra** e financiada polo **Concello de Pontevedra**.

A actividade ofertase para nenos e nenas de entre **5 e 15 anos** que queiran **iniciarse** na práctica do **atletismo**. As **sesións** serán **adaptadas** aos diferentes **grupos de idades**, sendo para os máis novos, actividades de psicomotricidade e educación física de base, favorecendo o desenvolvemento das habilidades motrices básicas e o enriquecemento do seu esquema corporal. Nos de idades superiores, partindo do traballo das habilidades motrices básicas que a súa vez favorecerá o desenvolvemento das habilidades específicas e técnicas das disciplinas de carreiras, saltos e lanzamentos, englobadas no programa deportivo do atletismo.

**Os nados dende 2016 ata 2009** contarán coa **licenza deportiva escolar** que lles permitirá participar en **competicións** do programa **XOGADE**. Ademais, aqueles/as que o desexen terán a **opción** de tramitar a **licenza federativa** que lles permitirá participar en competicións federadas.

## 2. Grupos de idade, horarios, instalación e prazas

Modalidade	Ano Nac.		Días	Horario		Lugar	Prazas
	Maior	Menor		Inicio	Fin		
E. Física De Base	2018	2019	Luns Mércores	18:00	19:00	Pavillón Municipal	<b>15</b> (5 reservadas)
E. Física De Base	2018	2019	Martes Xoves	17:00	18:00	Pavillón Municipal	<b>19</b> (1 reservadas)
Xogando ao Atletismo	2014	2017	Luns Mércores	18:00	19:00	Pavillón Municipal	<b>9</b> (11 reservadas)
Xogando ao Atletismo	2014	2017	Martes Xoves	17:00	18:00	Pavillón Municipal	<b>13</b> (7 reservadas)
Iniciación ao Atletismo I	2012	2015	Luns Mércores	18:00	19:00	Pavillón Municipal	<b>17</b> (3 reservadas)
Iniciación ao Atletismo I	2012	2015	Martes Xoves	17:00	18:00	Pavillón Municipal	<b>17</b> (3 reservadas)
Iniciación ao Atletismo II	2010	2013	Luns Mércores	18:00	19:00	CGTD	<b>21</b> (4 reservadas)
Iniciación ao Atletismo II	2010	2013	Martes Xoves	18:00	19:00	CGTD	<b>19</b> (6 reservadas)



Os adestramentos **comezarán o martes 2 de outubro e finalizarán o xoves 29 de maio**. Os adestramentos seguirán o **calendario escolar**, de forma que, nos días e/ou períodos **non lectivos, NON haberá adestramentos.**

Os grupos poderán ver modificado o lugar e horario de adestramento, nese caso, se lles fará saber aos/ás implicados/as á maior brevidade posible..

### 3. Inscripcións

Realizaranse a través da **Plataforma Cluber**, seguindo o enlace <https://app.cluber.es/clubes/238c438fcb7b548f726628a36f0b8074395fb0b/inscripcion> e poñendo na cota **Escola Municipal**.

Haberá un período de **reserva de praza** para aqueles que repiten actividade entre finais de maio e principios de xuño. Para as **novas incorporacións** establecerase un **sorteo das prazas** establecerase un sorteo das prazas restantes entre todas as solicitudes de inscrición recibidas. O **prezo** da actividade é de **50 € por todo o curso** (ou o que determine o concello). Dita cantidade deberase **abonar** na entidade bancaria **ABANCA** no código **IBAN ES04 2080 5401 55 3040114266**; indicando no concepto o nome do/a matriculado/a, sendo o beneficiario: Sociedad Gimnástica de Pontevedra.

Para formalizar a inscrición, requirirase **entregar ao monitor correspondente o día de inicio da actividade:**

- ✓ **Formulario de inscrición** debidamente cuberto (preferentemente en maiúsculas).
- ✓ Fotocopia do **DNI** do participante na actividade (ou o do seu titor legal).
- ✓ Fotocopia da **seguridade social**, ou seguro substitutivo, a utilizar en caso de ser necesario.
- ✓ **Xustificante de pago** da actividade.

### 4. Inscripcións nas competicións

Os **monitores** serán os **encargados** de comunicar a posibilidade de participar en ditas competicións. Aqueles/as que desexen participar nestas, deberán

**comunicalo** a seu monitor con a lo menos **48 horas de antelación** sobre o prazo de inscrición (segundo o regulamento da competición).

## 5. Viaxes a competicións

### a. Competicións federadas individuais

Serán organizadas e **sufragados polos interesados**.

### b. Competicións de Clubs federadas

Serán **organizadas polo club**. Poderán ser en autobús ou por conta propia. Se o club decide que o desprazamento se realice en autobús os gastos serán **sufragados a partes iguais**, por todos os deportistas convocados e, de ser o caso, polos acompañantes.

## 6. Seguro de accidentes

**Todos** os atletas da escola nados de 2010 en adiante, **contarán co seguro deportivo** do programa **XOGADE**, **cubriendo** aquelas **lesións producidas durante os adestramentos e competicións** de dito programa, dende o comezo da escola, ata o 31 de maio de 2025; a **excepción** dos **períodos vacacionais**. Aqueles/las que opten pola licenza federada contarán co seguro durante a totalidade da tempada.

## 7. Equipación oficial

A **equipación oficial** consta de chándal, camiseta de asas, malla corta, top e braga. Poderase adquirir dito material na seguinte ligazón:

<http://clientes.austral.es/clubs/gimnasticapontevedra/index.php>

En **TODAS** as **competicións** será **obrigatorio participar** coa **equipación oficial do club** (mínimo: camiseta de asas e malla).

